

# **XVII Campionato Galego Universitario de Carreiras de Orientación**

## **I Carreira de Iniciación a Orientación**

Campus Lagoas-Marcosende (Vigo)  
6 de maio de 2023

Boletín 1

## 1. ORGANIZA:

Área de Benestar, Saúde e Deportes da Universidade de Vigo e Club VIGOrienta.

## 2. PARTICIPANTES

Poderá participar calquera persoa da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos, e persoal docente e investigador, sen ningún límite de idade) das Universidades A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Os Servizos/Áreas de Deportes de cada unha das universidades comprobarán a pertenza das persoas inscritas ás súas comunidade universitaria.

## 3. INSCRICIÓNS

Ata as 23:59 horas do día 27 de abril.

- USC e UDC: achegando un correo electrónico a [deportes@uvigo.gal](mailto:deportes@uvigo.gal)
- Participantes da Uvigo a través da web [www.campusactivo.uvigo.gal](http://www.campusactivo.uvigo.gal)

## 4. SEGUROS

O Club VIGOrienta, como responsable da organización in situ deste Campionato Galego Universitario, achega a correspondente póliza de responsabilidade civil para dar cobertura ao evento.

Pola súa banda, cada Universidade aportará os correspondentes seguros de accidentes para a cobertura dos/das deportistas representativos/as de cada unha delas.

## 5. CATEGORÍAS

O CGU de Orientación disputarase en dúas categorías: individual feminina e individual masculina. *A maiores, e fóra de concurso, establecerase unha categoría de INICIACIÓN non competitiva para aquelas persoas que queiran aproveitar a xornada para achegarse a este deporte. A tal efecto, disporán dun percorrido diferenciado.*

## 6. MODALIDADE DE COMPETICIÓN

No CGU de Orientación realizarase unha carreira a pé na modalidade Media en bosque/parque por categoría cos controis na orde indicada e con variante de percorrido. As carreiras darán comezo ás 10.30 h.

*Na Carreira de Iniciación o percorrido será de aproximadamente 2 km. Poderá realizarse de xeito individual, por parellas ou pequenos grupos. A saída é “con chamada” e as persoas participantes haberán de estar no punto indicado 3 minutos antes da hora asignada. O mapa entregarase na saída e o percorrido será realizado na orde indicada no mesmo.*

## 7. LUGAR DE CONCENTRACIÓN E ACREDITACIÓN

A zona de concentración situarase na explanada continua á Praza Miralles que se sitúa diante do acceso sur á zona comercial (entrega de dorsais e tarxetas de control). A acreditación das persoas participantes realizarase na zona de concentración a partir das 9:30 h. Documentación necesaria: orixinais do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

## 8. CLASIFICACIÓNS

No CGU de Orientación establecerase unha clasificación individual para cada categoría e unha clasificación por universidades que resultará de considerar os resultados dos/das 6 mellores clasificados/as de cada Universidade: tres da categoría feminina e tres da masculina.

Para o cálculo das puntuacións terase en conta a seguinte regra: 1º

clasificado/a: 100 puntos

Puntos corredor “n” = (tempo gañador/tempo corredor “n”) x 100

**Na Carreira de Iniciación non se establecerá clasificación.**

## 9. PREMIOS

No CGU de Orientación entregaranse trofeos por categorías ós tres primeiros/as clasificados/as e por universidades. A entrega de premios dará comezo ás 13.30 h.

**Na Carreira de Iniciación non se entregarán premios.**

## 10. MAPA

Empregarase o mapa do Campus a escala 1:7500 con equidistancia de 5m, realizado por Javier Arufe e Natalia Pedre (2011) e actualizado por Maikel Rodríguez (2023).

Comprende unha zona con edificacións, xardíns e bosque ribeirán cunha boa rede de camiños e pequenas elevacións con bosqueciños de mediana penetración e abundancia de terreo aberto; alternando con zonas de repoboación.

## 11. NORMAS TÉCNICAS

- A saída é “con chamada” e o corredor debe estar no punto indicado 3 minutos antes da súa hora asignada.
- O mapa entregarase na saída e será responsabilidade de cada corredor/a comprobar que corresponde á súa categoría.
- O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será, polo menos, de 2 minutos.
- A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso. - Fíxase un tempo máximo de 2 horas para tódolos percorridos. Transcorrido ese tempo o participante quedará descualificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- É obrigatorio seguir os tramos de ruta marcados pola organización.
- Todo/a participante que abandone a proba deberá dirixirse ao control de meta e entregar o seu mapa.
- Poderán ser descualificados/as os/as corredores que cometan irregularidades antes, durante ou despois da carreira.
- Está prohibida a asistencia entre participantes, agás en caso de accidente, que é obrigatoria.
- Os/as corredores/as deberán realizar a proba en silencio.
- Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente regulamento.

**(\*) INFORMACIÓN DE INTERESE DA CARREIRA DE INICIACIÓN**

- Documentación necesaria: orixinais do DNI, pasaporte ou carné de conducir.
- Non son necesarios coñecementos nin experiencia previa.
- A organización proporcionaralle ás persoas participantes mapa, compás, pinza electrónica ou manual e avituallamento ao rematar a proba.
- Recoméndase que os/as nenos/as menores de 12 anos fagan o percorrido acompañados dunha

**12. COMITÉ DE COMPETICIÓN**

O Comité de Competición estará formado por tres persoas: un/unha representante da Universidade organizadora (UVI) e un corredor/a de cada unha das outras universidades participantes. As Universidades da Coruña e Santiago de Compostela farán constar no formulario de inscrición a persoa que designan para formar parte deste comité que resolverá as situacións non previstas neste regulamento así como as posibles reclamacións. Todo o non contemplado nos apartados anteriores resolverase de acordo cos Regulamentos Técnicos de Competición da FEGADO, FEDO e IOF.

**13. MAPA DE LOCALIZACIÓN 42.170208, -8.683367**





## 14 . FRAGMENTO MAPA ANTIGO



Vigo, 19 de abril de 2023

Área de  
Benestar, Saúde e Deporte  
Universidade de Vigo